

Fermosos relatos de viaxe

Un mundo emocionante

LAURA BLANCO CASÁS

O mar e os seus segredos son os verdadeiros protagonistas dos relatos de *Ártico 2.0*, onde Xavier Queipo (Compostela, 1957), licenciado en Bioloxía, Medicina e Cirurxía, conta as súas propias experiencias como biólogo mostrador polos lugares máis ignotos do planeta. Apoiándose nos seus diarios de viaxe, escribe esta obra que celebra o vixésimo aniversario do seu primeiro libro, *Ártico e outros mares*. Atopámonos agora cunha versión renovada e ampliada deste texto, co que o autor obtivera, no ano 1991, o Premio da Crítica española.

Fermosas son as imaxes dos océanos xeados, así coma as descripcións da vexetación e das especies mariñas, nalgúns casos abraiantes. Apaixonantes son tamén as aventuras, así coma os descubrimentos de criaturas nunca vistas ata o momento, e os intrigantes relatos que teñen lugar en terras afastadas do interior. Queipo, baixo o influxo de grandes literatos como Borges, Jack London ou o mesmo Conrad, e impulsado polas notas tomadas no seu camarote, dende a soildade do mar, escribe estes relatos de viaxe, transportando así ao ávido lector, a un mundo arredado e inexplorado. Un mundo emocionante para os afervoados amantes do mar e dos océanos, e para todo aquel interesado en coñecer os enigmas que se agochan neles.

QUEIPO, Xavier, *Ártico 2.0*, Ed. Galaxia, Vigo, 2011,
PVP 17,50 €

